

Concello de Mondariz

EXPEDIENTE: 231/2019
ASUNTO: Contrato de explotación do servizo bar-cafetería no Centro Social de Mondariz.
TEMA: Informe técnico

INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

A requerimento do Concello de Mondariz, en relación ao expediente iniciado para licitación do contrato relativo á explotación do servizo de bar-cafetería no Centro Social de Mondariz, emito o seguinte,

INFORME

1.- Descrición detallada:

O edificio do Centro Social de Mondariz sitúase facendo esquina a dúas rúas, a rúa Miguel Ángel Blanco, e a rúa Ramón y Cajal, sitas no núcleo urbano de Mondariz. A edificación completa está inscrita no Inventario de Bens Municipais, núm. de ficha 3. Conta coa referencia catastral 5059001NG4745N0001LM.

Na planta baixa do edificio sitúase o bar-cafetería, con acceso principal dende a rúa Miguel Ángel Blanco. Tamén ten acceso directo dende o Centro Social, a través do espazo de vestíbulo dos aseos.

Por parte do Concello de Mondariz, cederase a xestión do bar-cafetería, destinado unicamente á prestación deste servizo, nos termos previstos polos pregos que rexerán a licitación, entregándose os seguintes elementos terminados e en funcionamento:

- Espazo adicado a bar-cafetería formado por espazo de cafetería, barra, cociña, almacén (situado na planta soto), e aseos (compartidos co Centro Social).
- Dispón das instalacións necesarias para o seu correcto funcionamento (auga, electricidade, saneamento, protección contra incendios).

A superficie útil total é duns 50,00 m², dos que 45 m² se corresponden coa zona de cafetería (mesas e barra) e o 5m² restantes corresponden á cociña.

2.- Valoración:

Previo recoñecemento e estudo dos bens, tomando como referencia valoracións de establecementos análogos no sector hostaleiro, e tendo en conta a súa situación e emprazamento, estímase unha valoración polo ocupación do dominio público, de 4.800,00 euros anuais (catro mil oitocentos euros en 12 meses).

3.- Obras e instalacións:

Non son necesarias obras para posibilitar o uso e explotación do posto.

4.- Comunicación previa de actividade:

O adxudicatario deberá respectar na explotación do local as prescricións necesarias para a protección do medio ambiente, así como os valores límite de emisión acústica e as medidas preventivas necesarias. Á súa vez, de maneira previa ao comezo da actividade, o adxudicatario realizará no Concello a correspondente comunicación previa de actividade.

5.- Medidas sanitarias:

No exercicio da explotación deberán observarse en todo momento as condicións hixiénicas que establece a lexislación vixente, principalmente no Real Decreto 3484/2000, de 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas e o Regulamento CE 852/2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios. Ademais, o adxudicatario da concesión deberá respectar as prescricións sanitarias recollidas na Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, na súa redacción dada pola Lei 42/2010, de 30 de decembro.

6.- Danos e prexuízos:

A valoración dos danos e prexuízos que a ocupación puidese ocasionar cun uso normal, valorarase no momento de finalizar a ocupación.

En Mondariz.

A arquitecto.

Documento asinado electrónicamente na marxe.

